

EXPEDIENTE:	2026/00031021D
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON FORMAL E DE CONVIVENCIA DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES IV CICLO.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

COMPARECEN

Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Goretti Sanmartín Rei, que actúa en nome e representación do CONCELLO DE SANTIAGO, do que é Alcaldesa. E da outra parte, Exma. e Magfca. Sra. Rosa María Crujeiras Casais, reitora da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, que actúa en nome e representación desta institución en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario e do Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Comparece a primeira en calidade de Alcadesa-Presidenta, en nome e representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela (en adiante Concello), con CIF P-1507900-G, e domicilio na cidade de Santiago de Compostela, Pazo de Raxoi- Praza do Obradoiro, en tanto que a segunda actúa en calidade de reitora da Universidade de Santiago de Compostela con CIF Q1518001 A, e con domicilio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n. CP 15782 de Santiago de Compostela.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

MANIFESTAN

I.- A súa vontade de colaboración para apoiar o Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, que está a promover a Universidade de Santiago de Compostela (USC). Conta cun programa de actividades formativas e culturais que teñen por finalidade a aprendizaxe e a interdisciplinariedade no ámbito da educación non formal.

II.- O protocolo de colaboración asinado entre as dúas institucións o 29 de novembro de 2023 prevé a posibilidade de que a Universidade facilite ao Concello servizos expertos para estudos, actividades formativas ou asesoramentos técnicos que supoñen unha oportunidade vantaxosa para a Administración ao contar cunha institución dedicada á docencia e á investigación. Prevese, así mesmo, que os ámbitos da colaboración que se sinalan, entre os que está a transferencia de coñecemento, se desenvolverán en convenios específicos.

III.- A implicación do Concello de Santiago de Compostela neste proxecto céntrase en sufragar os gastos (relatores, obradoiros, locomoción, desprazamentos e seguros) derivados dos obradoiros “*A colexiata do Sar:: Arte e vida*” e “*O teléfono móbil un ordenador que cabe no peto*” e do Programa “Destacando na Ciencia” dentro da Programación do IV CICLO do ano 2026, cubrindo os gastos que isto ocasiona. Quedando patente, deste xeito o interese que ambas institucións, a Universidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela, amosan por ter en funcionamento un programa de actividades formativas e culturais que busquen a aprendizaxe e a interdisciplinariedade no ámbito da educación non formal. Ademais de ter interese en fomentar a participación cidadá no municipio de Santiago do colectivo de persoas maiores, de cara a responder ás súas necesidades e expectativas.

IV.- Ambas as dúas institucións consideran moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de mellorar a participación nos procesos formativos do colectivo de persoas maiores, de cara a responder ás súas necesidades e expectativas:

- Promover a incorporación de alumnado maior de 50 anos aos estudos universitarios, favorecendo a súa integración e participación en procesos formativos que respondan ás necesidades e expectativas deste colectivo social.
- Vincular e amplificar a oferta de estudos universitarios, con criterio de interdisciplinariedade e en consonancia cos principios que inspira a educación continuada, como experiencia global que se desenvolve ao longo de toda a vida de cada individuo, subliñando o protagonismo das persoas maiores.
- Posibilitar que as persoas maiores compartan e desenvolvan iniciativas docentes e de extensión cultural, propias do contexto social e institucional universitario, adoptando os criterios organizativos, normativos e metodolóxicos que cumpran para alcanzar ese fin.
- Promover entre a veciñanza maior obradoiros teórico-prácticos que melloren o uso dos medios de comunicación persoais e dinámicas que favorecen a implicación persoal na súa contorna de cara a participación.

- CONVEÑEN

I.- Que o presente Convenio ten por obxecto sufragar os gastos (relatores, obradoiros, locomoción, desprazamentos e seguros) derivados dos obradoiros “*A colexiata do Sar:: Arte e vida*” e “*O teléfono móbil un ordenador que cabe no peto*” e do Programa “Destacando na Ciencia” dentro da Programación do IV CICLO do ano 2026, dirixido ao alumnado matriculado no mesmo. O Concello de Santiago de Compostela ten contemplada unha cantidade de 2.000,00 euros nos orzamentos do 2026, na aplicación orzamentaria 080 32600 4890002.

II.- A Universidade de Santiago de Compostela, responsabilízase das propostas formativas, e xestión da oferta do programa do IV Ciclo dirixido ao alumnado matriculado no mesmo.

III.- Consonte o artigo 31.1 da Lei 38/2003 considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido neste convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos contemplados neste convenio deberán referirse a gastos derivados do desenvolvemento do programa Universitario de Maiores IV Ciclo. En ningún caso poderán xustificarse gastos derivados da compra de bens inventariables, consonte o artigo 31 da Lei 38/2003.

Esta subvención, de acordo co sinalado no artigo 28.3 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ten carácter singular co obxecto de facer realidade e por en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e consonte o previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, emprega o procedemento de convenio de colaboración, polo que non procede a súa convocatoria pública.

IV.- A USC deberá xustificar o orzamento de este convenio con data límite do 6 de novembro do ano 2026.

V.- O orzamento recollido neste Convenio destinarase a sufragar os gastos (relatores, obradoiros, locomoción, desprazamentos e seguros) derivados dos obradoiros “A colexiata do Sar: : Arte e vida” e “O teléfono móbil un ordenador que cabe no peto” e do Programa “Destacando na Ciencia” dentro da Programación do IV CICLO do ano 2026

VI.- A USC comprométese a promocionar e difundir este programa e a presentar unha memoria das accións incluídas neste programa, onde se faga referencia as actividades que se promoven e outros datos que permitan ao Concello de Santiago estar informados en todo momento sobre o mesmo.

VII.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

VIII.- Para a xustificación do orzamento a USC comprométese a xustificar os gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, que deberá realizarse presentando no Rexistro Xeral do Concello de Santiago a conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos emitidos e pagados con data límite do 6 de novembro de 2026, consonte o artigo 72 do Real decreto 887/2006.

A conta xustificativa conterá ademais a seguinte documentación:

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto ou actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

- Declaración das subvencións solicitadas, concedidas ou que aínda están pendentes de conceder.
- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Santiago. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD 1619/2012, do 30 de novembro). Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).
- Declaración responsable acreditativa dos seguintes extremos.
 - o Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - o Que foron aboadas aso seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - o Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

X.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

XI.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Educación.

XII.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Educación e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

XIII.- O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

XIV.- Para o seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos, créase unha comisión de seguimento que estará formada polos seguintes membros:

-Polo Concello de Santiago: A Concelleira de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica e un/unha técnico/a do Departamento de Educación.

-Pola Universidade de Santiago de Compostela: A Vicerreitora de Ordenación Académica e Oferta Formativa e a Directora do IV Ciclo Universitario, ou persoas en quen deleguen.

XV.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entres as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

XVI.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2007 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

XVII.- Canto as infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao deposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e nos preceptos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, relativo ao exercicio da potestade sancionadora.

XVIII.- De acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións deberase dar axeitada publicidade do financiamento do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela para este convenio (tanto na comunicación oral, na dixital como na escrita). Para tal efecto, o Departamento de Educación facilitará a USC o logotipo oficial que deberán utilizar na documentación e información visual e escrita. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

XIX.- O presente convenio estará vixente durante o ano 2026.

Os comparecentes, no seu concepto no que o fan, dan a súa conformidade ao presente convenio de colaboración, asinándoo de xeito electrónico nas datas expresadas en cada unha das sinaturas.

**Polo Excmo. Concello de
Santiago de Compostela**

**Pola Universidade de Santiago de
Compostela**

Goretti Sanmartín Rei

Rosa María Crujeiras Casais